BOP
SÁBADO, 30 DE NOVEMBRO DE 2024 N.º 277
DEPUTACIÓN DE LUGO
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

### ÁREA DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

*Anuncio*

**SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO *“PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2024”.***

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do *“Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024”*, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día 22 de novembro de 2024, acordou:

Modificar a base **7. Gastos subvencionables**, apartado 2) do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024, de forma que:

**Onde di:**

*“2. Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dende o 1 de maio de 2024 ao 31 de decembro de 2024).*

**Debe dicir**:

*“2. Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dende o 1 de maio de 2024 ao 30 de abril de 2025).*

Modificar a base **13. Xustificación e aboamento das subvencións**

**Onde di:**

*O beneficiario deberá achegar, como data límite o 31 de marzo de 2025, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.*

**Debe dicir**:

*O beneficiario deberá achegar, como data límite o 30 de xuño de 2025, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.*

Lugo, 27 de noviembre de 2024.- O Presidente, P.D. Decreto de data 04-07-2023, O deputado provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 3771

---

### ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE

*Anuncio*

**RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA APOIAR O FOMENTO DE BOAS PRÁCTICAS DE SILVOPASTOREO E PASTOREO EN EXTENSIVO QUE PRODUZAN A REDUCIÓN DOS NIVEIS DE BIOMASA EXISTENTE, NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA “O QUE NON ARDE”, NA ANUALIDADE 2024**

En relación coa convocatoria das subvencións de referencia (publicada no BOP de Lugo nº 240, do 17 de outubro de 2024), a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 28 de novembro de 2024, acordou:

“Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade do seguinte teor:

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)

"**I.-** A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 11 de outubro de 2024, adoptou, entre outros o seguinte Acordo:

*1º.- Aprobación da convocatoria do procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do Programa "O que non arde", na anualidade 2024, dotado con 120.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2024.*

*2º.- Aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións.*

*3º.- Aprobación dos modelos de solicitude e xustificación das devanditas subvencións.*

*4º.- A publicación da citada convocatoria e bases reguladoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no portal de internet da Deputación.*

*5º.- A aprobación do gasto, polos importes e con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:*

- *100.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.789*
- *20.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900, ambas do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2024..*

A convocatoria e as bases canalizadoras das subvencións foron publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na Sede Electrónica da Deputación de Lugo, o 17 de outubro de 2024.

**II.-** Como consecuencia das ditas publicacións, recibíronse no Rexistro da Deputación 69 solicitudes de subvencións.

En cumprimento do establecido na Base 9 das canalizadoras das subvencións, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade instruíronse e tramitáronse os respectivos expedientes, revisando as solicitudes presentadas e verificando que estas contiñan a documentación esixida na Base 7.

Resultando que a documentación de varios expedientes estaba incompleta ou defectuosa, requiriuse ás solicitantes para que, no prazo de dez días hábiles, achegaran a documentación necesaria ou emendaran os defectos observados.

Completados os expedientes coas contestacións aos ditos requirimentos e realizadas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe procederse á estimación ou, no seu caso, desestimación das solicitudes, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitiuse informe, o 22 de novembro de 2024, no que se determinou as solicitantes que se atopaban na situación que fundamentaba a concesión das subvencións ou nas que concorrían as circunstancias e se cumprían as condicións e requisitos previstos nas Bases canalizadoras de aquelas para poder ser as súas beneficiarias.

**III.-** Á vista dos expedientes das ditas solicitantes e en virtude do disposto na Base 9 das canalizadoras das subvencións, a Comisión procedeu á súa avaliación, en sesión constituída ao efecto o día 26 de novembro de 2024, utilizando para elo os criterios de valoración establecidos na Base 8 das canalizadoras das subvencións, e emitindo informe no que se concretou o resultado de aquela e a prelación das solicitudes.

**Por todo canto vai exposto, á vista do expediente e do citado informe da Comisión de Avaliación prevista na Base 9 das canalizadoras das subvencións, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:**

1. Ditar resolución provisional de concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do programa "O que non arde", na anualidade 2024, en favor das beneficiarias, para os gastos e nas contías que se relacionan no anexo I a esta Proposta, de acordo aos criterios de determinación do importe das subvencións referidos na Base 8 da convocatoria, segundo a especificación que consta na Acta da Comisión de Avaliación.

2. Ditar resolución provisional de desestimación das solicitudes que se relacionan no anexo II desta Proposta.

3. Outorgar a este Acordo provisional o carácter de definitivo, no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, o que será publicado no BOP de Lugo en na páxina *web* da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

4. Notificar este Acordo provisional ás interesados, por medio de publicación no BOP de Lugo e na páxina *web* da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal), concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)

## ANEXO I

| RELACIÓN DE BENEFICIARIAS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Nº expediente | NIF | Solicitante | Puntuación final | Importe investimentos | Importe rozas | Importe subvención | Conceptos subvencionados |
| 2024/CCP_01/001441 | J27478957 | Granxa Teixeiro e Pistón, SC (en constitución) | 17,00 | 6.000,00 | | 6.000,00 | Malla electrificada e cepo |
| 2024/CCP_01/001401 | 44819432E | Alejandro Salvatierra Fernández | 14,00 | 1.377,05 | | 1.377,05 | Un curro e unha manga de manexo |
| 2024/CCP_01/001422 | J01599109 | Avicava Natur, SC | 14,00 | 6.000,00 | | 6.000,00 | Malla electrificada, un curro, un comedeiro e dúas parideiras |
| 2024/CCP_01/001398 | J27390707 | Explotacións Gandeiras Soli, SC | 13,00 | 6.000,00 | | 6.000,00 | Dous pastores eléctricos, dous elementos de alimentación, 500 estacas, malla electrificada e un curro |
| 2024/CCP_01/001403 | J27471366 | Xan das Bouzas, SC | 13,00 | 5.999,96 | | 5.999,96 | Unha manga de manexo |
| 2024/CCP_01/001418 | 33998606Y | Olaya Ramos Pernas | 12,75 | 2.680,00 | | 2.680,00 | Un elemento de alimentación e 300 estacas |
| 2024/PES_03/021739 | J27470939 | La Cabreta, SC | 11,90 | 5.050,00 | 950,00 | 6.000,00 | Un pastor eléctrico, un elemento de alimentación, 300 estacas, 700 illadores, arames galvanizados, malla ovelleira, malla electrificada, un comedeiro, un bebedoiro, un refuxio e rozas |
| 2024/CCP_01/001388 | 33551847E | Saul Rouco Trastoy | 11,78 | 304,47 | | 304,47 | Un curro |
| 2024/CCP_01/001411 | 76568372S | María Carmen Rodríguez Tomé | 11,20 | 6.000,00 | | 6.000,00 | 180 estacas, malla gandeira, un curro, dous bebedoiros e dúas tolvas |
| 2024/CCP_01/001437 | 76581028K | Sergio Fernández Vivero | 11,00 | 3.230,00 | 570,00 | 3.800,00 | 200 estacas, malla electrificada e rozas |
| 2024/CCP_01/001442 | 33561322K | Sandra López López | 10,54 | 4.419,89 | | 4.419,89 | Un pastor eléctrico, 200 estacas, 800 illadores, arame galvanizado, un cepo, dous bebedoiros e 12 barreiras metálicas lacadas |
| 2024/CCP_01/001380 | 76561289Q | Xosé Fernández López | 10,50 | 5.690,82 | | 5.690,82 | Un pastor eléctrico, un elemento de alimentación, 380 estacas, malla gandeira, malla electrificada e dous comedeiros |
| 2024/CCP_01/001426 | 33344639K | Carlos Teijeiro Vázquez | 10,50 | 6.000,00 | | 6.000,00 | Un curro e dúas mangas de manexo |
| 2024/CCP_01/001423 | 76935931B | Pilar Cerdeira Lombardía | 10,09 | 793,15 | | 793,15 | Un pastor eléctrico e malla electrificada |
| 2024/CCP_01/001378 | 34267744K | María Virginia Rodríguez López | 10,00 | 4.860,00 | 1.140,00 | 6.000,00 | Un refuxio e rozas |
| 2024/PES_03/021844 | V27139153 | Monte vecinal en mano común de Carballo | 10,00 | 6.000,00 | | 6.000,00 | Remolque integrado |
| 2024/PES_03/021881 | 33561873C | Pedro Fernández Sanjurjo | 10,00 | 1.023,05 | | 1.023,05 | Un pastor eléctrico, un elemento de alimentación e malla electrificada |
| 2024/CCP_01/001421 | 46566429P | Jorge Ánguez Grases | 9,80 | 6.000,00 | | 6.000,00 | Un curro, unha manga de manexo, dous bebedoiros, dous comedeiros, un refuxio e dúas parideiras |

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2024/CCP_01/001430 | B27464999 | Investimentos e garantías Cabodevila, SLU | 9,80 | 6.000,00 | | 6.000,00 | Un curro, unha manga de manexo e un refuxio |
| 2024/CCP_01/001405 | 76579270B | Javier López Aldegunde | 9,47 | 2.673,69 | | 2.673,69 | Un curro e unha manga de manexo |
| 2024/CCP_01/001402 | G72775133 | Proxecto Vieiros | 9,35 | 4.896,93 | 1.092,50 | 5.989,43 | Un pastor eléctrico, un elemento de alimentación, un cargador de baterías, un medidor dixital, 100 estacas, malla electrificada, un curro, un refuxio modular móvil, un adaptador para transporte de comedoiros e bebedoiros, e rozas |
| 2024/CCP_01/001390 | 76573126P | Ana Belén Freijo Díaz | 9,15 | 2.607,07 | 521,41 | 3.128,48 | Malla electrificada, un refuxio e rozas |
| 2024/CCP_01/001382 | 34881175L | Martín Martínez Ocampo | 9,14 | 1.244,50 | | 1.244,50 | Malla electrificada e dez vallas de manexo |
| 2024/CCP_01/001404 | 33551979Q | Óscar Santos Buján | 9,10 | 2.574,71 | | 2.574,71 | Un pastor eléctrico, 80 estacas, malla gandeira, un cepo, un curro, unha manga de manexo e unha tolva |
| 2024/CCP_01/001407 | G42882704 | Fundación Terreo | 9,10 | 2.574,71 | | 2.574,71 | Cinco refuxios modulares móbiles |
| | | | **TOTAIS** | **100.000,00** | **4.273,91** | **104.273,91** | |

**ANEXO II**

| Expediente | NIF | Solicitante | Causa desestimación |
|---|---|---|---|
| 2024/CCP_01/001397 | ***8161** | Iván Pérez Fernández | 1 |
| 2024/CCP_01/001443 | ***5997** | Maite Rubín Cabo | 1 |
| 2024/CCP_01/001383 | B27452010 | Froitos da Horta A Ruliña, SL | 1 |
| 2024/CCP_01/001399 | ***4212** | Manuela Aldegunde Fernández | 1 |
| 2024/CCP_01/001432 | J27304559 | San Salvador, SC | 1 |
| 2024/CCP_01/001440 | ***7259** | Roi López Carmona | 1 |
| 2024/CCP_01/001375 | ***3989** | Javier Pacio López | 1 |
| 2024/CCP_01/001424 | ***5061** | Isaac Losada Rey | 1 |
| 2024/CCP_01/001439 | ***8032** | Juan Carlos Díaz Niño | 1 |
| 2024/CCP_01/001429 | ***3891** | Pablo Cabodevila Pedride | 1 |
| 2024/CCP_01/001385 | ***8078** | Hermelino Sixto Trigo | 1 |
| 2024/CCP_01/001415 | J09948282 | Lembraeco, SC | 1 |
| 2024/CCP_01/001389 | ***4262** | María Carmen Bernárdez Castro | 1 |
| 2024/CCP_01/001438 | ***4111** | Fernando López García | 1 |
| 2024/CCP_01/001431 | ***2676** | María Luisa Naveira Díaz | 1 |
| 2024/CCP_01/001410 | ***3545** | José Ángel Gallego Rodríguez | 1 |
| 2024/CCP_01/001412 | ***9882** | Alejandra Díaz Navarro | 1 |
| 2024/CCP_01/001433 | ***8274** | María Teresa Jiménez Horwitz | 1 |

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2024/CCP_01/001379 | J67846832 | Castro Díaz Productores, SC | 1 |
| 2024/CCP_01/001435 | ***9451** | Benedicta Otero González | 1 |
| 2024/CCP_01/001393 | ***6806** | María Victoria Álvarez García | 1 |
| 2024/CCP_01/001417 | ***3906** | Fernando Saavedra Portela | 1 |
| 2024/CCP_01/001386 | ***2115** | Gonzalo Rodríguez Lamblín | 1 |
| 2024/CCP_01/001373 | ***6179** | José Luis Ribeiro Martínez | 1 |
| 2024/CCP_01/001419 | ***7528** | Javier Fernández Arias | 1 |
| 2024/CCP_01/001391 | ***5693** | Rocío Pérez Pardiño | 1 |
| 2024/CCP_01/001384 | ***4020** | Iván Uz López | 1 |
| 2024/CCP_01/001409 | ***3478** | José María López López | 1 |
| 2024/CCP_01/001434 | ***5117** | Isabel Castiñeira Geada | 1 |
| 2024/CCP_01/001376 | ***5186** | José Ignacio Vilaseca Pérez | 1 |
| 2024/CCP_01/001413 | ***7530** | Jorge López Morado | 1 |
| 2024/CCP_01/001416 | ***4716** | José Vega Eiras | 1 |
| 2024/CCP_01/001408 | ***9441** | José Antonio Fernández López | 1 |
| 2024/CCP_01/001400 | ***4847** | Borja Campo Regueiro | 1 |
| 2024/CCP_01/001414 | ***6895** | Maria Carmen Fernández Carreira | 1 |
| 2024/CCP_01/001377 | ***1041** | José Manuel Díaz Fernández | 1 |
| 2024/CCP_01/001427 | J27418342 | Soñara, SC | 1 |
| 2024/CCP_01/001372 | J27489152 | Graña Casa Vicente, SC (en constitución) | 2 |
| 2024/CCP_01/001381 | ***8183** | Lucas García Fernández | 3 |
| 2024/CCP_01/001387 | ***7524** | María Luz Penín Rouco | 3 |
| 2024/CCP_01/001395 | ***4468** | Rubén Costa García | 3 |
| 2024/CCP_01/001420 | G32009607 | Hogares y apoyo al menor Lar | 2 |
| 2024/CCP_01/001428 | E27507896 | Pérez López, TCE | 3 |
| 2024/CCP_01/001436 | ***4524** | Rodrigo Otero Gómez | 3 |

Motivos desestimación:

1.-Esgotamento orzamento

2.-Non practicar silvopastoreo (Base 4).

3.-Non practicar silvopastoreo con gando cabrún, ovino ou porcino (Base 4).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”

De acordo coa Base 9 da convocatoria, procédese á notificación ás interesadas do Acordo de resolución provisional, concedéndolles un prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao desta publicación, para presentar alegacións.

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)

Lugo, 28 de novembro de 2024.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto do 4 de xullo de 2023, o deputado delegado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón.

R. 3799

## ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL

*Anuncio*

De acordo cos principios de publicidade e transparencia, faise público que a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria realizada o 28.11.2024 acordou dar aprobación as bases para a participación no programa LugoTermal, así como, a súa convocatoria

**BASES PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA LUGOTERMAL**

A Deputación de Lugo ten como un dos seus obxectivos principais promover o benestar social da súa cidadanía, en cumprimento do establecido no artigo 50 da Constitución española, o cal sinala que os poderes públicos promoverán o benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e lecer.

Ase mesmo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 36, establece as competencias propias das Deputacións que serán as que lle atribuían en este concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública, establecendo, entre outras, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, e asegurar o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal. Neste senso, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, establece como competencias das Deputacións no artigo 109. d) o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG), ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais nesta Comunidade Autónoma de Galicia para a construción do sistema galego de benestar, entendendo por servizos sociais o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro de diversos obxectivos, entre os que se atopan: previr a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección e promover e garantir o dereito universal da cidadanía galega ao acceso aos servizos sociais, garantindo a suficiencia orzamentaria que asegure a súa efectividade.

Ase mesmo, a citada LSSG establece que as competencias das deputacións provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes.

Coa entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustenibilidade da Administración Local (LRSAL), establécese que as entidades locais non asuman competencias que non lles atribúe a lei e para as que non conten co financiamento adecuado. Polo tanto, só poderán exercer competencias distintas das propias ou das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda local.

En virtude de que a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a competencia exclusiva en materia de réxime local, de acordo co artigo 27 do seu Estatuto de autonomía, así como de acordo co seu artigo 49 a tutela financeira sobre os entes locais, respectando a autonomía que a estes recoñécenlles os artigos 140 e 142 da Constitución e de conformidade co artigo 27.2 do Estatuto, ditouse a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, a cal no seu artigo 3 establece en relación as competencias das entidades locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, no seu apartado 3. a) que non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos, sendo este o caso que nos ocupa, xa que os programas de termalismo lévanse desenvolvendo por parte desta Deputación dende o ano 2011 nas súas diferentes edicións, dirixidos ás persoas maiores empadroadas en calquera concello da provincia de Lugo, coa contratación dos balnearios autorizados pola autoridade competente para utilizar as augas minero-medicinales declaradas de utilidade pública con fins terapéuticos e preventivos para a saúde, da provincia de Lugo, segundo o establecido no artigo 22 da Lei 5/1995, de 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Deputación de Lugo pretende levar a cabo, un ano mais, o programa preventivo da dependencia e da promoción da autonomía persoal, potenciando o envellecemento activo a través do termalismo, denominado "LugoTermal". Este programa ten como obxectivo principal a mellora da calidade de vida das persoas participantes, cun carácter preventivo da dependencia e da promoción da autonomía persoal a través dos tratamentos/técnicas termais, estando dirixido a persoas que teñan 50 anos ou máis e que se topen

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)

empadroadas nalgún concello da provincia de Lugo, podendo levar consigo unha persoa en calidade de acompañante, que non cumpra os requisitos sinalados.

Co obxecto de seleccionar ás persoas participantes deste programa establécense as presentes bases de selección e a súa convocatoria.

**Base 1. Obxecto**

O obxecto destas bases é a oferta de prazas para tratamentos termais, con e sen estancia , na provincia de Lugo dentro do programa de Benestar Social da Deputación de Lugo denominado LugoTermal, así como, proceder a súa convocatoria.

A tal efecto enténdese por establecementos balnearios da provincia de Lugo aqueles que empreguen as augas mineromedicinais declaradas de utilidade pública con fins terapéuticos e preventivos para a saúde, segundo a Lei 5/1995, de 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia e se atopen nalgún dos concellos desta provincia con actividade termal.

**Base 2. Participantes**

Poderán ser persoas beneficiarias do programa, de Benestar Social da Deputación de Lugo, LugoTermal en establecementos balnearios da provincia de Lugo aquelas que reúnan os seguintes requisitos na data na que solicite a participación no programa e os manteñan durante todo o programa:

a. A persoa solicitante titular do Programa deberá cumprir os requisitos de estar empadroada nalgún dos concellos da provincia de Lugo e ter cando menos os 50 anos cumpridos. A titular, poderá participar cunha acompañante que non cumpra os requisitos contemplados neste parágrafo.

b. Valerse por se mesma para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa, excepto no caso de fillos/as que acudan en calidade de acompañantes, os cales deberán compartir habitación co/s proxenitor/es, o/s cal/es serán os responsables das mesmas.

c. Non padecer alteracións do comportamento que podan afectar á normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.

d. Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.

**Base 3. Prazas convocadas**

Convócanse para participar no programa LugoTermal as prazas reflectidas no Anexo II na modalidade A, tratamentos con estancia, así como, na modalidade B, tratamentos sen estancia, que se levarán en diferentes quendas e establecementos termais da provincia de Lugo durante o período comprendido dende a aprobación e entrada en vigor das presentes bases ata o 30.11.2025. En todo caso, o inicio da prestación dos servizos termais estará supeditada á formalización dos contratos vinculado ao expediente de contratación 2024/CON_02/000060 e a súa duración.

**Base 4. Servizos e prestacións ofertados**

Modalidade A, tratamentos con estancia:

a. Serán estanzas, nos establecementos termais da provincia de Lugo que participen no programa, de seis (6) días e cinco (5) noites en réxime de pensión completa en habitacións de uso compartido. Con carácter xeral, o domingo será o día de entrada.

b. Se atenderá a dispoñibilidade dos establecementos para concretar o momento de acceso e saída aos mesmos, sendo acordado previamente coas participantes, pero en todo caso, cada participante terá incluída unha pensión completa entre os días de entrada e saída (almorzo, xantar e cena).

c. Con carácter xeral cada persoa participante do programa LugoTermal e por estanza terá cinco (5) días de tratamento nos cales se lles aplicarán como mínimo de quince (15) técnicas termais e total. Non se aplicarán as técnicas termais, cando estea contraindicado polo médico do establecemento termal correspondente, ou cando a persoa usuaria así o solicite expresamente, tendo que facilitarlle o balneario algunha alternativa, sempre que sexa viable e posible, sen custe adicional.

d. Os tratamentos termais realizaranse utilizando as técnicas específicas de cada modalidade terapéutica concertada, adecuadas á circunstancia persoal de cada participante, en función da tolerancia e características da mesma, e baixo prescrición facultativa e seguimento médico.

e. As persoas participantes terán un recoñecemento médico previo a aplicación das técnicas termais, co obxecto de coñecer a súa situación médica inicial e prescribir o tratamento termal mais axeitado. O/a médico do establecemento termal deberá efectuar un correcto seguimento dos tratamentos/técnicas termais co obxecto de controlar a evolución nos participantes, co especial vixilancia daquelas persoas que padecen enfermidades crónicas ou se atopan en tratamento farmacolóxico que puidera verse afectado por estas técnicas termais. Poderase realizar un último control médico emitíndose un informe, a petición da persoa usuaria, no que se describan tódalas características do tratamento efectuado, a evolución durante o mesmo, así como, as posibles recomendacións.

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)

f. Se terán en conta as características das participantes do programa á hora de confeccionar os menús, tendo en conta que as persoas que por prescrición facultativa requiran menú de réxime e así o acrediten, disporán dun menú especial. En todo caso o servizo de manutención poderase realizar en réxime de autoservizo ou con servizo en mesa. Se o establecemento optase polo autoservizo, deberá de prever persoal de apoio para as persoas usuarias que o precisen.

g. O tipo de almorzo será, como mínimo, o denominado "continental", composto por café e/ou infusións, zume, froita, pastelería variada e tostadas, aceite de oliva, manteiga e marmeladas; os menús serán variados, ofertando, polo menos, dúas modalidades diferentes, tanto para o primeiro como para o segundo prato e sobremesa.

h. Os menús do xantar e da cea incluirán viño de mesa de calidade media e auga embotellada ou a propia do balneario, cando esta teña sido declarada oficialmente como auga mineromedicinal de utilidade pública e apta para a bebida, sobre todo se é para os tratamentos dos aparatos dixestivo, renal ou vías urinarias.

i. Realizarase a limpeza diaria das habitacións. O servizo de toallas e demais lencería mudarase tendo en conta ás políticas de protección do medio ambiente.

j. O programa termal se complementará cun programa de animación sociocultural.

k. As persoas beneficiarias que estean interesadas en aloxarse en habitación individual, teranse que facer cargo da diferenza do custo que supoña, e as que precisen dalgún tipo de apoio ou dieta especial terano que indicar no momento de presentar a solicitude, no momento de aceptar a quenda e acreditalo ao incorporarse.

l. As beneficiarias que estean interesadas en participar nas excursións ou actividades con custo adicional que organice o establecemento termal ou hostaleiro, deberán de facelo polos seus propios medios e ao seu cargo.

m. O desprazamento desde o domicilio ata o establecemento termal así como o de regreso correrá a cargo das persoas beneficiarias.

**Modalidade B Termalismo sen estanza**

a. Trátase de recibir como mínimo (trinta) 30 técnicas termais durante dez días (con carácter xeral de luns a venres), sen estancia nos establecementos termais da provincia de Lugo.

b. Os tratamento termais realizaranse utilizando as técnicas específicas de cada modalidade terapéutica concertada, adecuadas á circunstancia persoal de cada participante, en función da tolerancia e características do mesmo, e sempre baixo prescrición facultativa e seguimento médico.

c. As persoas participantes terán un recoñecemento médico previo a aplicación das técnicas termais, co obxecto de coñecer a súa situación médica inicial e prescribir o tratamento termal mais axeitado. O/a médico do establecemento termal deberá efectuar un correcto seguimento dos tratamentos/técnicas termais co obxecto de controlar a evolución nos participantes, co especial vixilancia daquelas persoas que padecen enfermidades crónicas o se atopan en tratamento farmacolóxico que puidera verse afectado por estas técnicas termais. Poderase realizar un último control médico emitíndose un informe, a petición da persoa usuaria, no que se describan tódalas características do tratamento efectuado, a evolución durante o mesmo, así como, as posibles recomendacións.

d. O desprazamento desde o domicilio ata o establecemento termal así como o de regreso correrá a cargo das persoas participantes.

**Base 5. Prezo das prazas**

Modalidade A, Termalismo con estancia:

Esta modalidade do Programa tería un custe total máximo de 385,55 € con IVE por usuaria e estancia, dos cales a Deputación de Lugo sufragará 110,55 € persoa/estancia e os restantes 275,00 € correrá a cargo de cada persoa participante por estancia.

O citado importe é prezo cerrado para todos os servizos incluídos no programa, sen que proceda efectuar dedución algunha se por calquera causa imputable á persoa beneficiaria esta non desfrutase da totalidade de dito servizos, agás por causas excepcionais, que se detallan nesta base.

Modalidade B, Termalismo sen estancia:

Esta modalidade do Programa tería un custe total máximo a sufragar polas persoas participantes de 264,00 € con IVE. O citado importe é prezo cerrado para todos os servizos engadidos no programa, sen que proceda efectuar dedución algunha se por calquera causa imputable á persoa beneficiaria non desfrutase da totalidade de ditos servizos.

No caso de que unha persoa teña que abandonar por causas excepcionais (falecemento ou enfermidade grave sobrevida dun familiar de primeiro (1º) e ou segundo (2º) grado, indisposición médica, contraindicación sobrevida, etc.) e acreditadas a participación, o establecemento facturará tanto a persoa afectada como á

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)

Deputación a parte proporcional do goce da participación. En caso de discrepancia será a Deputación de Lugo quen determine se existen causas xustificadas e acreditadas de xeito adecuado.

**Base 6. Presentación de solicitudes**

A solicitude, presentarase conforme ao modelo oficial que figura no Anexo I, dirixíndoa ao Sr. Presidente da Deputación de Lugo e presentándoa, preferentemente no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo, na sede electrónica desta administración https://sede.deputacionlugo.org/opencms/opencms/sede ou ben por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo para presentar a solicitude será dende ás 09:00 horas do día seguinte hábil á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, quedando aberto o prazo ata o remate do programa ou ata que se esgoten as prazas convocadas.

Constarán impresos normalizados establecidos ao efecto que poderán obter por medios electrónicos na páxina principal da web da Deputación Provincial de Lugo (www.deputacionlugo.gal) ou na propia entidade en formato papel.

**Base 7. Solicitudes e documentación complementaria necesaria para a súa tramitación.**

- As solicitudes formularanse no modelo oficial que se indica no Anexo I de estas bases, tendo que acompañalos de copia do DNI ou NIF da persoa interesada en participar, ou documento que regulamentariamente o substitúa e do seu acompañante se fora o caso.
- As solicitudes deberán ter os elementos básicos para poder localizar ás persoas interesadas en participar no programa. As solicitudes que non conteñan os datos mínimos expresados no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non serán cursadas.
- Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o procedemento que ocupa e o código de expediente, se se dispón del.
- A Deputación de Lugo, poderá, se así o considera necesario, solicitar documentación ás persoas interesadas e realizar as comprobacións e verificacións que considere oportunas acerca dos datos e documentos presentados polas solicitantes, con especial mención ao empadroamento.
- A presentación das solicitudes supón a aceptación das condicións do programa, requisitos e obrigas fixadas nel, ademais a concorrencia neste procedemento implica a manifestación tácita de consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación consonte co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. A finalidade da recollida e tratamento dos datos de carácter persoal será estritamente tramitación dos expedientes deste Programa. A deputación de Lugo só facilitará os datos básicos das persoas participantes (nome, apelidos, teléfono de contacto e DNI codificado)

**Base 8. Instrución**

A unidade de Benestar Social e Igualdade será quen procederá a revisar as solicitudes e maila documentación presentada. No caso de estar incompleta, conter erros ou non achegar toda a documentación requirida, poderase reclamar ás solicitantes que emenden os defectos apreciados, de conformidade ao artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procedendo ao desestimiento e ao arquivo da mesma, no caso de non efectuar a emenda solicitada. Ase mesmo, se realizarán de oficio cantas actuacións se estimen necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos que constan na solicitude.

En aras de axilizar o procedemento de tramitación, poderase realizar requirimentos de emendas vía telefónica, que no caso de non ser atendidas en menos de 48 horas, procederase a ser requirido de conformidade co establecido na Lei 39/2015 xa sinalado.

A selección das participantes farase atendendo ao rigoroso orde de rexistro no rexistro xeral da Deputación de Lugo, unha vez completa a solicitude. Cada participante só poderá constar nun expediente, polo que, no caso de que unha persoa apareza en máis dunha solicitude, non será tida en conta, quedando só como válida a solicitude antes rexistrada con independencia de en calidade de que conste: como titular ou como acompañante.

Unha vez completos os expedientes remitiranse aos establecementos termais participantes, para a asignación da quenda oportuna, a cal será acordada entre o establecemento e as solicitantes, tendo en conta as preferencias destas, a dispoñibilidade termal e no recollido nas presentes bases. A data asignada só se poderá modificar unha vez, e sempre e cando exista dispoñibilidade nos establecementos termais. Estes só terán a obriga de facer dous intentos de asignar data de participación. No caso de ser rechazada ou anulada sen xustificación acreditada, perderán o dereito a participar do programa.

Se a persoa solicitante só indica un establecemento termal e este se topa completo, non se terá e conta para os restantes establecementos. Se a persoa solicitante indica máis dunha preferencia, no caso de non ter praza

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)

no establecemento elixido en primeira opción, pasará de xeito inmediato á segunda opción. En todo caso, a Deputación, en aras de sacar o maior rendemento social ao programa, no caso de quedar prazas dispoñibles nun establecemento termal e non ter solicitantes, poderá chamar ás persoas que non teñen asignada praza para ofertarlles a posibilidade de cambio de establecemento, sen ter que tramitar unha nova solicitude.

Unha vez confirmada as datas de participación, os establecementos termais, estes remitirán ditos datos á Deputación de Lugo para proceder á súa aprobación definitiva.

Aquelas persoas usuarias que sexan chamadas e non acepten as condicións ofertadas ou rexeiten participar no programa deberán comunicar dita decisión á Deputación de Lugo, para que estes sexan eliminados da listaxe e podan concorrer outras solicitantes ás prazas, que ata ese momento constarán reservadas para esas persoas.

A resolución das persoas beneficiarias participantes do programa termal, lle corresponde á Presidencia da Deputación de Lugo, sendo obxecto de publicación na web da Deputación de Lugo. Contra a indicada resolución, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer os seguintes recursos, sen prexuízo dos cales os interesados poderán exercer calquera outro que consideren procedente: recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución, perante o mesmo órgano que adoptou a resolución, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou directamente recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses, perante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo, computado a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución.

**Base 9. Comunicación ás persoas interesadas**

Todas as comunicacións ás persoas interesadas realizaranse de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos e comunicacións relativas ao Programa que procedan en virtude do procedemento administrativo, faranse públicas no taboleiro de Anuncios da Deputación e na páxina www.deputacionlugo.org xurdindo a publicación os mesmos efectos que a notificación. Non obstante cando a Administración estime que a publicación efectuada resulta insuficiente, e co obxecto de axilizar o procedemento, poderá efectuar adicionalmente notificación individual por correo electrónico á dirección que as interesadas designasen ou de xeito telefónico, por razóns de prazos (data de acceso ao establecemento termal asignado). O prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, será de cinco días.

**Base 10. Confirmación das prazas e listaxe de agarda**

Unha vez notificada a concesión da praza, para poder facer uso dela, as persoas beneficiarias terán a obrigación de presentar a Acreditación Termal Nominativa, que será facilitada pola Deputación de Lugo, para a súa presentación no establecemento Termal na quenda correspondente, que lle acreditará como participante do Programa.

As persoas solicitantes que, cumprindo os requisitos establecidos para participar no presente programa, non obteñan praza, quedarán incluídas nunha listaxe de agarda e serán chamadas por rigorosa orde de rexistro-validación da solicitude, segundo queden vacantes dispoñibles na/s opción/s elixida/s.

Cando a persoa solicitante titular sexa chamada dúas veces e non se obteña resposta, poderá o centro xestor pasar á seguinte da listaxe, co fin de axilizar o procedemento, sen que isto supoña a expulsión da listaxe.

Existirá a posibilidade de que calquera participante do programa LugoTermal poda volver a participar no mesmo, sempre e cando existan prazas sen cubrir e non exista listaxe de agarda. En último termo, as novas solicitantes sempre terán prioridade sobre estas.

**Base 11. Renuncia á praza.**

No caso de que a persoa beneficiaria renuncie á praza outorgada no programa LugoTermal deberá comunicalo por escrito empregando a declaración de renuncia á participación no modelo Anexo III, no prazo de 10 días contados a partir da notificación do outorgamento á Deputación Provincial de Lugo. De non presentarse a renuncia no prazo establecido será motivo de exclusión directa para novas solicitudes. As participantes non poderán volver a optar a novas solicitudes deste programa, salvo que a renuncia sexa xustificada de xeito adecuada (problemas de saúde, familiares, etc.).

A persoa beneficiaria no caso de non poder acudir o día de entrada no establecemento termal asignado, deberá comunicar tal circunstancia ao mesmo coa máxima présa, pudendo facelo de xeito telefonico, así como, deberá comunicar tal circunstancia con posterioridade á Deputación de Lugo.

A beneficiaria que tivera outorgada a praza e non se presentase no día e no establecemento asignado perderá o dereito a participar neste programa ao abeiro da resolución que lle concedía este dereito.

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)

**Base 12. Perda da condición de beneficiaria do programa.**

Ademais das circunstancias establecidas na base 8 das presentes bases, tamén perderán a condición de persoa beneficiaria do programa aquelas que non abonen ao establecemento termal, o importe da cantidade estipulada para a praza que se lle outorgou.

A consignación ou achega de datos ou documentos falseados ou inexactos para a obtención das prazas reguladas polas presentes bases, implicará a cancelación da praza obtida, no suposto de que non se participase na quenda, ou a obriga, por parte da persoa interesada, de abonar o prezo real da praza, sen prexuízo das accions que procedan na aplicación da normativa vivente, si xa desfrutara a quenda.

**Base 13. Normativa**

Establecementos termais e usuarias deberán de respectar e cumprir a normativa vixente de aplicación propia da natureza da actividade

Lugo, 28 de novembro de 2024.- O Presidente, P. D. Decreto de data 04-07-2023 o Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón.

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)

## ANEXO I SOLICITUDE 2024_2025

### 1. DATOS PERSOA TITULAR SOLICITANTE (ACOMPAÑAR COPIA DO DNI)

| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | DNI | DATA NACEMENTO |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |

**CONCELLO NO QUE SE ATOPA EMPADROADA** ________________________________________

### 1.1 DATOS DE CONTACTO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

| DOMICILIO (RÚA, NÚMERO, ESCALEIRA..) | CÓDIGO POSTAL | CONCELLO | **TELÉFONO/S** |
|---|---|---|---|
| | | | |

### 1.2 PREFERENCIAS

Folla resumo do cumprimento do Decreto 25/2000 (DOG 29/02/09), do desenvolvemento da Lei 8/97 de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas de Galicia, para urbanización e redes viarias. Os espazos de dominio público cumprirán ademais a Orde VIV/2010, de espazos públicos urbanizados.

O Plan Parcial cumpre os parámetros esixidos e que se reproducen na táboa adxunta. O Proxecto de Urbanización, a nivel de detalle terá e conta estes parámetros.

| CONCEPTO | PARÁMETRO | MEDIDAS SEGUNDO DECRETO | | PROXECTO |
|---|---|---|---|---|
| | | ADAPTADO | PRACTICABLE | |
| ITINERARIOS PEAONÍS<br>Base 1.1.1 | ÁREAS DESENVOLTAS POR PLANEAMENTO INTEGRAL | ANCHO LIBRE 1.80m<br>(Con obstáculos puntuais 1.50m.) | ANCHO LIBRE 1.50m<br>(Con obstáculos puntuais 1.20m.) | CUMPRE ( 1,50 m) |
| | RESTO DE ÁREAS | ANCHO LIBRE 0,90m | ANCHO LIBRE 0,90m | Non procede |

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | PENDENTE MÁX. LONXITUDINAL | 10% | 12% | CUMPRE (<10%) |
| | ALTURA MÍNIMA LIBRE DE OBSTÁCULOS | 2,20m | 2,10m | CUMPRE (>2,20 m) |
| ITINERARIOS MIXTOS<br>Base 1.1.2 | ANCHO MÍNIMO LIBRE DE OBSTÁCULOS | 3,00m (Con obstáculos 2,50m) | 2,50m (Con obstáculos 2,20m) | CUMPRE (>3,00 m) |
| | PENDENTE MÁX. LONXITUDINAL | 8% | 10% | CUMPRE (<8%) |
| | ALTURA MÍNIMA LIBRE DE OBSTÁCULOS | 3,00m | 2,20m | CUMPRE (>3,00 m) |
| PASOS PEATONÍS PERPENDICULARES SENTIDO ITINERARIO<br>Base 1.1.3 A | ÁREAS DESENVOLTAS POR PLANEAMENTO | ANCHO LIBRE 1,80m | ANCHO LIBRE 1,50m | CUMPRE (>1,80 m) |
| | RESTO DE ÁREAS | ANCHO LIBRE 1,50m | ANCHO LIBRE 1,20m | Non procede |
| | PENDENTE MÁX | 12% | 14% | CUMPRE (<12%) |
| | ANCHO LIBRE MÍNIMO BEIRARRÚA | 0,90m | 0,90m | CUMPRE (>0,90 m) |
| PASOS PEATONÍS SENTIDO DE ITINERARIO<br>Base 1.1.3B | LONXITUDE MÍNIMA ANCHO MÍNIMO | 1,50m<br>0,90m LIBRE MÁS EL ANCHO DEL BORDILLO | 1,20m<br>0,90 m LIBRE MÁS EL ANCHO DEL BORDILLO | CUMPRE |
| PASO DE VEHICULOS SOBRE RÚAS<br>Base 1.1.4 | PERPENDICULAR A CALZADA | MÍNIMO 0,60m | MÍNIMO 0,60m | CUMPRE |
| | PASO LIBRE DE OBSTÁCULOS | MÍNIMO 0,90m | MÍNIMO 0,90m | CUMPRE |
| PASOS PEONÍS<br>Base 1.1.5 | ÁREAS DESARROLLADAS POR PLANEAMIENTO | ANCHO LIBRE 1,80m | ANCHO LIBRE 1,50m | CUMPRE |
| | RESTO DE ÁREAS | ANCHO LIBRE 1,50m | ANCHO LIBRE 1,20m | Non procede |

Pendente transversal máxima en itinerarios peonís e mixtos do 2%. Resalte máximo entre pasos e calzada de 2 cm.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ESCALEIRAS | ANCHO MÍNIMO | 1,20m | 1,00m | Non procede |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Base 1.2.3 | DESCANSO MÍN | 1,20m | 1,00m | Non procede |
| | TRAMO SEN DESCANSO | O QUE SALVE UN DESNIVEL MÁXIMO DE 2,00 m | O QUE SALVE UN DESNIVEL MÁXIMO DE 2,50m | Non procede |
| | DESNIVEIS DE 1 ESCALÓN | SALVADOS POR RAMPLA | ESCALÓN MÁXIMO DE 15cm | Non procede |

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | TABICA MÁX | 0,17m | 0,18m | Non procede |
| | DIMENSIÓN DA PEGADA | 2T + H = 62-64 cm | 2T + H = 62-64 cm | Non procede |
| | ESPAZOS BAIXO ESCALEIRAS | PECHADO OU PROTEXIDO SE A ALTURA MENOR 2,20 m | | Non procede |
| | PASAMÁNS | 0,90-0,95 m RECOMENDÁNDOSE OUTRO A<br>0,65-0,70 m | | Non procede |
| | ANCHO DA ESCALEIRA MAIOR A 3,00 m | BARANDILLA CENTRAL | | Non procede |
| | ILUMINACIÓN NOCTURNA ARTIFICIAL | MÍNIMO DE 10 LUX | | Non procede |
| ESCAL. MECÁNICAS B1.2.5 | ANCHO MÍNIMO | 1,00m | 1,00m | Non procede |
| RAMPLAS<br>Base 1.2.4 | ANCHO MINIMO | 1,50m | 1,20m | Non procede |
| | PENDENTE MÁX LONXITUDINAL (POR PROBLEMAS FÍSICOS PODERÁN INCREMENTARSE<br>NUN 2%) | MENOR DE 3m = 10%<br>ENTRE 3 E 10m = 8% MAIOR OU IGUAL<br>10m = 6% | MENOR DE 3m<br>= 12% ENTRE 3 E 10m<br>= 10% MAIOR OU IGUAL<br>10m = 8% | CUMPRE<br>(detallar PU) |
| | PENDENTE MÁX TRANSVERSAL | 2% | 3% | CUMPRE<br>(detallar PU) |
| | LONXITUDE MÁXIMA DE TRAMO | 20m. | 25m. | CUMPRE<br>(detallar PU) |
| | DESCANSO MÍN. CON ANCHO O DA RAMPLA | LONXITUDE 1,50m | 1,20m | CUMPRE<br>(detallar PU) |
| | XIROS A 90° | INSCRIBIR CÍRCULO DE 1,50m DE DIAMETRO | INSCRIBIR CÍRCULO DE 1,20m DE DIAMETRO | CUMPRE<br>(detallar PU) |
| | ESPAZO LIBRE AO FINAL E INICIO DE RAMPLA | 1,80 x 1,80m | 1,50 x 1,50m | CUMPRE<br>(detallar PU) |
| | PROTECCIÓN LATERAL | DE 5 A 10 cm DE ALTURA EN LADOS LIBRES SOBRE O NIVEL DO SOLO | | CUMPRE<br>(detallar PU) |
| | ESPACIO BAJO RAMPAS | PECHADO OU PROTEXIDO SE A ALTURA MENOR 2,20 m | | (detallar PU) |
| | PASAMÁNS | 0,90-0,95 m RECOMENDÁNDOSE OUTRO A | | CUMPRE<br>(detallar PU) |

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | 0,65-0,70 m | | |
| | ILUMINACIÓN NOCTURNA ARTIFICIAL | MÍNIMO DE 10 LUX | | CUMPRE (detallar PU) |
| BANDAS MECÁNICAS Base 1.2.7 | ANCHO MÍNIMO | 1,00m | 1,00m | Non procede |
| | PENDENTE MÁX LONXITUDINAL | PENDENTE IGUAL QUE A DO ITINERARIO PEONIL CON MESETA DE 1,50 m DE ENTRADA E SAÍDA | | Non procede |
| ASCENSORES Base 1.2.6 | ANCHO MÍN (FRONTE) x PROFUNDIDADE MÍN SUPERFICIE MÍNIMA | 1,10m x1,40m 2 | 0,90m x 1,10m 2 | Non procede |
| | PORTAS | ANCHO MÍNIMO 0,80m | ANCHO MÍNIMO 0,80m | Non procede |
| | MESETA DE SAÍDA | INSCRIBIR CÍRCULO 1,50 m DE DIÁMETRO | | Non procede |
| | BOTONERAS | ALTURA ENTRE 0,90 y 1,20 m SOBRE SUELO | | Non procede |
| ASEOS EN PARQUES, XARDÍNS E ESPAZOS PÚBLICOS Base 1.5 | DIMENSIÓNS ACERCAMIENTO | INSCRIBIR CÍRCULO d=1,50m 0,80m MÍNIMO | INSCRIBIR CÍRCULO d=1,20m 0,80m MÍNIMO | Non procede |
| | PORTAS | ANCHO LIBRE 0,80m | ANCHO LIBRE 0,80m | Non procede |
| | LAVABOS, GRIFOS DE PRESIÓN OU PALANCA | SIN PIE, ALTURA 0,85m | SIN PIE, ALTURA 0,90m | Non procede |
| | INODOROS CON BARRAS LATERAIS ABATIBLES POLO LADO DE APROXIMACIÓN | ALTURA 0,50m, Barras lateral. a 0,20m, y a 0,70m del solo | ALTURA 0,50m, Barras lateral. a 0,25m, y a 0,80m del solo | Non procede |
| APARCADOIROS Base 1.3 | DIMENSIÓN MÍNIMA EN HILEIRA | 2,00-2,20 x 5,00m | 2,00-2,20 x 5,00m | CUMPRE (2,50x5,00) |
| | ESPAZO LIBRE LATERAL | 1,50m | 1,50m | CUMPRE (1,50 m) |
| | DIMENSIÓN MÍNIMA TOTAL | 3,50 x 5,00m | 3,00 x 4,50m | CUMPRE (3,50x5,00) |
| ELEMENTOS DE URBANIZACIÓN Base 1.2 | PAVIMENTOS, DUROS E ANTIDESLIZANTES | RESALTE MÁX. 2cm. | RESALTE MÁX. 3cm. | CUMPRE (detallar PU) |
| | BORDILLOS, CANTO REDONDEADO | ALTURA MÁX 0,14m | ALTURA MÁX 0,16m | CUMPRE (detallar PU) |
| | REXILAS | EN CUADRÍCULA, OCOS MENORES DE 2 cm | | CUMPRE (detallar PU) |

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| SINAIS E ELEMENTOS VERTICALES<br>Base 1.4.1 | ALTURA MÍNIMA LIBRE | IGUAL OU MAIOR DE 2,20m | IGUAL OU MAIOR DE 2,10m | CUMPRE<br>(detallar PU) |
| | ALTURA PULSADORES Y MECANISMOS | ENTRE 1,20 E 0,90m | ENTRE 1,30 E 0,80m | CUMPRE<br>(detallar PU) |
| | SITUACIÓN: PASO LIBRE EN BEIRARRÚAS | 0,90m, 1,50m EN ÁREAS DESENVOL. POR PLANEAMENTO | | CUMPRE<br>(detallar PU) |
| OUTROS ELEMENTOS<br>art.-11 Base 1.4.2 | ALTURA PULSADORES E MECANISMOS | ENTRE 1,20-0,90m | ENTRE 1,30-0,80m | CUMPRE<br>(detallar PU) |
| | SITUACIÓN: PASO LIBRE EN BEIRARRÚAS | 0,90m, 1,50m EN ÁREAS DESENVOLTAS S POR PLANEAMENTO | 0,90m, 1,20m EN ÁREAS DESENVOLTAS POR PLANEAMENTO | CUMPRE<br>(detallar PU) |
| | ZONAS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO | MESETA A MÁX. 0,85m DE ALTURA, ANCHO MÍN. 0,80m | MESETA A MÁX. 0,90m DE ALTURA, ANCHO MÍN. 0,80m | CUMPRE<br>(detallar PU) |

Cando por dificultades orográficas ou rúas preexistentes no sexa posible a creación dun itinerario adaptado, deseñarase mínimo un itinerario practicable que permita o desprazamento de persoas con mobilidade reducida.

Poderán quedar exentos de ser adaptados os percorridos de uso público nos que o custo de execución como adaptado sexa superior en máis del 50% o custo como non adaptado.

Pódese admitir a substitución do itinerario de peóns adaptado por un mixto adaptado en aqueles tramos nos que o custo de la execución do itinerario de peóns adaptado supere en máis dun 50% do custo dun itinerario mixto adaptado.

1.4.5 Cumprimento da Orde VIV/2010, de espazos públicos urbanizados

O ámbito de aplicación do citado documento aplicase, segundo seu art.2 - Ámbito de aplicación, a tódolos espazos públicos urbanizados e os elementos que o compoñen, sitos no territorio do Estado español. As condicións de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización de espazos públicos urbanizados que contén a presente Orde, aplícanse as áreas de uso peonil, áreas de estancia, elementos urbanos e itinerarios peonís comprendidos en espazos públicos urbanizados segundo o establecido no presente documento.

A continuación, exponse a folla resumo do cumprimento da citada Orde VIV/561/2010, do 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico das condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)

| ORDE VIV / 561 / 2010 ESPAZOS PÚBLICOS URBANIZADOS | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| CONCEPTO | PARÁMETRO | | | NORMATIVA | PROXECTO |
| DISPOSICIÓNS XERAIS | Ámbito de aplicación<br>(Art.2) | O ámbito de aplicación deste documento está constituído por tódolos espazos públicos urbanizados e os elementos que o compoñen, sitos no territorio do Estado español. As condicións de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización de espazos públicos urbanizados que contén a presente Orde, aplícanse as áreas de uso peonil, áreas de estancia, elementos urbanos e itinerarios peonís comprendidos en espazos públicos urbanizados segundo o establecido nos artigos seguintes. | | SÍ | CUMPRE |
| ESPAZOS PÚBLICOS URBANIZADOS E ÁREAS DE USO PEONIL | Espazos públicos urbanizados<br>(Art.3) | Comprenden o conxunto de espazos peonís e vehiculares, de paso ou estancia, que forman parte do dominio público, ou están destinados ao uso público de forma permanente ou temporal.<br>Os novos espazos públicos urbanizados serán deseñados, construídos, mantidos e xestionados cumprindo coas condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade que se desenvolvan no presente documento técnico. | | SÍ | CUMPRE |
| | Áreas de uso peonil<br>(Art. 4) | Defínense como todo espazo público urbanizado destinado ao tránsito ou estancia peonil. Deberán asegurar un uso non discriminatorio e contar coas seguintes características: | Existen resaltes e/ou escalóns illados en algún dos seus puntos. | NON | CUMPRE |
| | | | Terá unha altura libre de paso (en todo o seu desenvolvemento) | 2,20 m. | CUMPRE<br>(≥2,20 m) |
| | | | A pavimentación cumprirá as características de deseño e instalación definidas no art.11. | SÍ | CUMPRE |
| ITINERARIO PEONIL ACCESIBLE | Condicións xerais do itinerario peonil accesible<br>(Art.5) | Defínense como aqueles que garanten o uso non discriminatorio e a circulación de forma autónoma e continua de todas as persoas. Sempre que exista máis dun itinerario posible entre dous puntos, e na eventualidade de que todos non poidan ser accesibles, habilitaranse as medidas necesarias para que o percorrido do itinerario peonil accesible non resulte en ningún caso discriminatorio, nin | Discorre a carón ou adxacente á liña de fachada ou elemento horizontal que materialice fisicamente o límite edificado a nivel de solo. | SÍ | CUMPRE |
| | | | Anchura libre de paso (en todo o seu desenvolvemento) | 1,80 m. | CUMPRE |
| | | | Altura libre de paso (en todo o seu desenvolvemento) | 2,20 m. | CUMPRE |
| | | | Escalóns illados / resaltes | NON | CUMPRE |
| | | | Os desniveis sálvase segundo as características establecidas nos art. 14,15,26 e 17. | SÍ | CUMPRE |

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | pola súa lonxitude nin por transcorrer fóra das áreas de maior afluencia de persoas.<br>Deberán cumprir os seguintes requisitos: | A pavimentación cumpre as características definidas no art.11. | SÍ | CUMPRE |
| | | | Pendente transversal máxima | 2,00 % | CUMPRE |
| | | | Pendente lonxitudinal máxima | 6,00% | CUMPRE |
| | | | Nivel mínimo de iluminación (en todo o seu desenvol., e proxectada de maneira homoxénea, evitando o deslumbramento). | 20 LUX | CUMPRE<br>(detallar PU) |
| | | | Dispone dunha correcta sinalización e comunicación, segundo as condicións establecidas no capítulo IX. | SÍ | CUMPRE<br>(detallar PU) |
| | | Cando o ancho ou a morfoloxía da vía impidan a separación entre os itinerarios vehicular e peonil a distintos niveis, adoptarase unha solución de <u>plataforma única de uso mixto</u>, cumprindo os seguintes requisitos: | Rúa e beirarrúa ao mesmo nivel, tendo prioridade o tránsito peonil | SÍ | CUMPRE<br>(detallar PU) |
| | | | Quedará perfectamente diferenciado no pavimento, a zona preferente peonil, pola que discorre o itinerario peonil accesible, así como a sinalización vertical de aviso aos vehículos. | SÍ | CUMPRE |
| | | | Garantida a continuidade dos itinerarios peonís accesibles nos puntos de cruce co itinerario vehicular, pasos subterráneos e elevados. | SÍ | CUMPRE |
| | | | Excepcionalmente, en zonas urbanas consolidadas, e nas condicións previstas pola normativa autonómica, permitiranse estreitamentos puntuais sempre que a anchura libre de paso resultante non sexa inferior a 1,50 m. | SÍ | CUMPRE<br>(detallar PU) |
| ÁREAS DE ESTANCIA | Condicións xerais<br>(Art.6) | Son as partes da área de uso peonil, de perímetro aberto ou pechado, onde se desenvolven unha ou máis actividades, nas que as persoas permanecen certo tempo. | Acceso ás mesmas desde o itinerario peonil accesible segundo o ancho e alto de paso sen resaltes e/ou escalóns. | SÍ | CUMPRE<br>(detallar PU) |
| | | | As instalacións, actividades e servizos dispoñibles nelas (tanto de tipo fixo coma eventual), deberán estar conectadas mediante itinerario accesible. | SÍ | CUMPRE<br>(detallar PU) |

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | As destinadas á realización de actividades que requiran a presenza de espectadores deberán dispor dunha praza reservada a persoas con mobilidade reducida, debidamente sinalizadas e colocadas xunto ao itinerario accesible. Nestas áreas habilitarase unha zona con bucle de indución, debidamente instalado e sinalizado. | 1 por cada 40 (1,50x1,00 m) | Non procede |
| | | | Cando dispoñan de aseos, vestidores ou duchas, colocarase unidade adaptada | 1 por cada 10 | Non procede |
| | | | Incorporación de dispositivos e novas tecnoloxías que faciliten a interacción e emprego por parte de tódalas persoas, considerando de maneira específica a atención ás persoas con discapacidade sensorial e cognitiva. | SÍ | CUMPRE (detallar PU) |
| | Parques e xardíns (Art.7) | | | | Non procede |
| | Sectores de xogos (Art.8) | | | | Non procede |
| | Praias urbanas (Art.9) | | | | Non procede |
| ELEMENTOS DE URBANIZACIÓN | Condicións xerais (Art.10) | Considéranse elementos comúns de urbanización as pezas, partes e obxectos recoñecibles individualmente que compoñen o espazo público urbanizado de uso peonil e todos aqueles que materialicen as previsións dos instrumentos de ordenación urbanística | Seu deseño, colocación e mantemento destes elementos sitos en áreas de uso peonil garantirán a seguridades, accesibilidade, autonomía e a non discriminación de tódalas persoas. | SÍ | CUMPRE (detallar PU) |
| | | | Non presentarán cexas, ondulacións, ocos, saíntes nin ángulos vivos que poidan provocas o tropezo das persoas, nin superficies que poidan provocar o deslumbramiento. | NON | CUMPRE (detallar PU) |
| | | | Non invadirán o ámbito libre de paso dun itinerario peonil accesible. | NON | CUMPRE (detallar PU) |
| | Pavimentos (Art.11) | O pavimento do itinerario peonil accesible será duro, estable, antideslizante en seco e mollado, sen pezas nin elementos soltos, con independencia do sistema construtivo, que, en todo caso, impedirá o movemento das mesmas. Súa colocación e mantemento asegurarán súa continuidade e a inexistencia de resaltes. | | SÍ | CUMPRE (detallar PU) |

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Empregaranse franxas de pavimento táctil indicador de dirección e de advertencia seguindo os parámetros establecidos no art.45. | | SÍ | CUMPRE (detallar PU) |
| | Rexilas, alcorques e tapas de instalación (Art.12) | Invaden o itinerario peonil accesible, salvo naqueles casos nos que as tapas de instalación deben colocarse, necesariamente, en plataforma única ou próximas á liña de fachada ou parcela. | | NON | CUMPRE (detallar PU) |
| | | Colocadas enrasadas co pavimento circundante, cumprindo ademais os seguintes requisitos: | En áreas de uso peonil, diámetro máximo de súas aberturas | | |
| | | | En calzada, | | |

***1.5 COMPROMISOS ENTRE O CONCELLO E OS URBANIZADORES***

Os prazos de execución das obras de urbanización quedan reflexados no correspondente Plan de Etapas deste documento.

A transmisión ao Concello do dominio dos terreos e obras de urbanización de cesión obrigatoria e gratuíta, producirase nos termos previstos na sección 7ª do Capítulo II do Título V do Regulamento de Xestión Urbanística e no art.107 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, correspondendo a conservación das obras de urbanización, aos propietarios dos soares constituídos en entidades urbanísticas de conservación.

Lugo, 27 de novembro de 2024.- **O DIRECTOR XERAL DE URBANISMO,** Hipólito Pérez Novo.

R. 3775

## MONDOÑEDO

*Anuncio*

**APROBACION INICIAL ORZAMENTO 2025**

D.MANUEL ÁNGEL OTERO LEGIDE, Alcalde do Concello de Mondoñedo, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

Na sesión ordinaria celebrada o día 28 de novembro do 2024, o Pleno da Corporación municipal aprobou provisionalmente o Orzamento Xeral do Concello de Mondoñedo para o exercicio 2025.

En aplicación do disposto no artigo 169 do Real Decreto 2/2014, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, iníciase un prazo de información pública de quince días, durante os interesados poderán presentar as alegacións que estimen oportunas na defensa dos seus intereses. Transcorrido o dito prazo sen que se presentara alegacións algunha, o Orzamento entenderase aprobado definitivamente.

Mondoñedo, 28 de novembro de 2024.- O Alcalde – Presidente, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 3802

*Anuncio*

**APROBACION INICIAL MODIFICACIÓNS DAS ORDENANZAS FISCAIS Nº 1 REGULADORA SOBRE BIENS INMOBLES E ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS CANDO DITOS SERVICIOS E SUMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS.**

O Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada o día 28 de novembro de 2024 aprobou inicialmente a modificación das Ordenanzas Fiscais nº 1 Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles e a Ordenanza Fiscal nº 10 Reguladora da taxa por servicios de distribución de auga e utilización de contadores e instalación análogas cando ditos servicios e subministro sexan prestados por Entidades Locais. De conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei de Bases de Réxime Local 7/1985, de 2 de abril, e no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, os interesados poderán examinar o expediente, e durante o

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)

mesmo prazo daráselles audiencia a efectos de posibles reclamacións, e facer as alegacións que estimen oportunas.

Transcorrido o devandito prazo sen que se presenten reclamacións, este acordo provisional elevarase a definitivo sen necesidade de segundo acordo expreso, publicándose en todo caso o texto íntegro da Ordenanza o as súas modificacións.

Mondoñedo, 28 de novembro de 2024.- O Alcalde – Presidente, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 3803

## RÁBADE

*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello na súa sesión ordinaria celebrada o día 27 de novembro de 2024 o expediente de modificación de créditos Nº 10/2024, suplemento de crédito; en cumprimento do disposto no artigo 179.3 en relación co artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, exponse ó público, por prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións e suxerencias que estimen oportunas.

De non presentarse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional.

Rábade, 27 de novembro de 2024.- A ALCALDESA-PRESIDENTA, Remedios González Cabarcos.

R. 3776

*Anuncio*

**Información pública da relación de bens e dereitos necesarios a expropiar para a execución do Proxecto de reposición de pasarela peatonal no PK 447/129 e supresión do paso a nivel do PK. 446/350 da liña Palencia-A Coruña**

O pleno do Concello de Rábade en sesión realizada o día 27 de novembro de 2024 aprobou a relación de bens e dereitos afectados de necesaria ocupación ós efectos de expropiación para a execución do proxecto técnico “Proxecto de reposición de pasarela peatonal no PK 447/129 e supresión do paso a nivel do PK. 446/350 da liña Palencia-A Coruña”.

De acordo co establecido no acordo citado, e en cumprimento ó establecido nos artigos 18 e 19.1 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954 sobre a necesidade de ocupación, e concordantes do Regulamento (Decreto de 26 de abril de 1957), sométese a información pública a citada relación de bens e dereitos afectados, para que dentro do prazo de quince días, contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia Lugo e no xornal El Progreso, calquera persoa poida aportar os datos oportunos para rectificar posibles erros na relación ou opoñerse por razóns de fondo ou forma á necesidade de ocupación.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello https://rabade.sedelectronica.gal/info.0

RELACIÓN DE BENS AFECTADOS

| Referencia catastral | Situación | Titular actual<br>Nome e domicilio | Superficie | Expropiación $m^2$ |
|---|---|---|---|---|
| 2549302PH1724N0001KH | CM GENERAL ARCE 1 Suelo 27370 RABADE | ***693***Andrade Perdix, Alfonso VíctorCL San Pedro Mártir 2041001 Sevilla;<br>***024***Andrade Perdix, José LuisCL Tramontana 15 Es:5 Pl:4 Pt:b28223 Pozuelo de Alarcón (Madrid);<br>***687***Andrade Perdix, María del CarmenCL Lido 3028043 Madrid. | 5.433 m2 | 338 |

Rábade, 27 de novembro de 2024.- A Alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 3777

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)

*Anuncio*

O Pleno do concello, na sesión ordinaria celebrada o 27 de novembro de 2024, adoptou o acordo que se transcribe a continuación, na súa parte dispositiva, que se publican no BOP en cumprimento do establecido no artigo 75.5 da LRBRL:

3- MODIFICACIÓN DO REXIME DE DEDICACIÓNS, ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS PARA MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

A requirimento da Alcaldía, polo Secretario-interventor dáse lectura á proposta relativa ao presente punto da orde do día:

En cumprimento do establecido no 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, pola que se aproban as bases de réxime local, por medio da presente proponse ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Pola asistencia a sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local, Mesas de Contratación, Padroados, ou calquera outro órgano colexiado, a cantidade asignada é a seguinte, (conforme ao artigo 75.4 da LBRL, modificado pola Lei 14/2000), 70 €, por concelleiro asistente. Aplicándose este gasto á partida 920.230 do Presuposto de gastos do exercicio 2024.

2. O terceiro Tenente de Alcalde e concelleiro delegado de xuventude e deportes, medio ambiente, infraestruturas urbanas e festas populares terá unha dedicación parcial (20 horas semanais), polas funcións e responsabilidades no exercicio do seu cargo, sendo a retribución bruta mensual de 1.461,22 €, máis dúas pagas extraordinarias do mesmo importe cada unha (unha en xuño e outra en decembro). Sendo dado de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, en tal concepto, asumindo o Concello as cuotas empresariais que lle correspondan. Aplicándose este gasto á partida 912.100 do Presuposto de gastos do exercicio 2024, e aplicándose con efectos do 1 de decembro de 2024.

4. Calquera membro da corporación pola realización de comisións de servizo para a mesma, recibirá en concepto de indemnización as seguintes cantidades:

- 0,26 €, por Kilómetro recorrido.

- Por desprazamento a Concellos limítrofes a Rábade ou desprazamentos ao Concello de Lugo, unha indemnización de 50,00 €.

- Por desprazamento dentro da Comunidade Autónoma, unha indemnización de 70,00 €.

- Por desprazamento fora da Comunidade Autónoma, unha indemnización de 150,00 €. Estas determinacións complementaranse co disposto nas Bases de Execución do Presuposto Municipal, no RD 462/2002, de 24 de maio, e demais lexislación aplicable.

5. Este acordo deberá publicarse no taboleiro de anuncios da Corporación e no BOP, en cumprimento do artigo 75.5 da LBRL.

Rematado o debate, o Pleno da corporación municipal en votación ordinaria e cos votos a favor da Sra. Alcaldesa e Concelleiros Sra. Dapena González, Sr. Novo Teijeiro, Sra. Novo Penas e Sr. González Cabarcos, e o voto en contra dos concelleiros Sr. Fernández Montes, Lage García e Sra. De Arriba Redondo, e abstención do Sr. Martínez Campos, ACORDA:

1. Pola asistencia a sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local, Mesas de Contratación, Padroados, ou calquera outro órgano colexiado, a cantidade asignada é a seguinte, (conforme ao artigo 75.4 da LBRL, modificado pola Lei 14/2000), 70 €, por concelleiro asistente. Aplicándose este gasto á partida 920.230 do Presuposto de gastos do exercicio 2024.

2. O terceiro Tenente de Alcalde e concelleiro delegado de xuventude e deportes, medio ambiente, infraestruturas urbanas e festas populares terá unha dedicación parcial (20 horas semanais), polas funcións e responsabilidades no exercicio do seu cargo, sendo a retribución bruta mensual de 1.461,22 €, máis dúas pagas extraordinarias do mesmo importe cada unha (unha en xuño e outra en decembro). Sendo dado de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, en tal concepto, asumindo o Concello as cuotas empresariais que lle correspondan. Aplicándose este gasto á partida 912.100 do Presuposto de gastos do exercicio 2024, e aplicándose con efectos do 1 de decembro de 2024.

4. Calquera membro da corporación pola realización de comisións de servizo para a mesma, recibirá en concepto de indemnización as seguintes cantidades:

- 0,26 €, por Kilómetro recorrido.

- Por desprazamento a Concellos limítrofes a Rábade ou desprazamentos ao Concello de Lugo, unha indemnización de 50,00 €.

- Por desprazamento dentro da Comunidade Autónoma, unha indemnización de 70,00 €.

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)

- Por desprazamento fora da Comunidade Autónoma, unha indemnización de 150,00 €. Estas determinacións complementaranse co disposto nas Bases de Execución do Presuposto Municipal, no RD 462/2002, de 24 de maio, e demais lexislación aplicable.

5. Este acordo deberá publicarse no taboleiro de anuncios da Corporación e no BOP, en cumprimento do artigo 75.5 da LBRL.

Rábade, 27 de novembro de 2024.- A Alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 3778

---

## RIBEIRA DE PIQUÍN

### *Anuncio*

En cumprimento do disposto no artigo 169 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, exponse ó público que o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o 26 de novembro de 2024, aprobou inicialmente o orzamento consolidado para o exercizo económico 2025, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para o referido exercizo do Concello e da Fundación municipal "TerrEo".

Por prazo de 15 días os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno; se durante o dito prazo non se presentase ningunha, considerarase definitivamente aprobado.

Ribeira de Piquín, 26 de novembro de 2024.- Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 3779

---

### *Anuncio*

Por acordo do Pleno da Corporación Local, reunido en sesión ordinaria do 29 de outubro de 2024, aprobouse inicialmente o expediente de modificación de créditos 16/2024- expediente de suplemento de crédito- dentro do vixente Orzamento, por importe de 85.000,00 € (Oitenta e cinco mil euros), quedando este aprobado definitivamente ao non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público (BOP nº 255, de data 05/11/2024), en aplicación do disposto no artigo 169, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, o que se faise público resumido por capítulos:

| **ORZAMENTO DE GASTOS** | | | | **ORZAMENTO DE INGRESOS** | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Aplicación Orzamentaria** | | **AUMENTO (EN EUROS)** | | **aplicación orzamentaria** | **AUMENTO (EN EUROS)** |
| **Por progr.** | **Económica** | | | **Económica** | |
| 172 | 221 | 30.000,00 | | 870.00 | 85.000,00 |
| 241 | 131 | 30.000,00 | | | |
| 231 | 221 | 10.000,00 | | | |
| 920 | 150 | 5.000,00 | | | |
| 920 | 227 | 10.000,00 | | | |
| **Total..........** | | **85.000,00** | | **Total..........** | **85.000,00** |

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de créditos 16/2024 no orzamento para o ano 2024, os interesados/as debidamente lexitimados poderán interpor recurso contencioso administrativo consonte ao establecido no artigo 171 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Ribeira de Piquín, 27 de novembro de 2024.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 3780

---

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)

## TRABADA

*Anuncio*

Faise pública a convocatoria e as bases para a reapertura de bolsa de emprego para a contratación de auxiliares do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Trabada.

Lugar e prazo de presentación de instancias: No Rexistro Xeral do Concello de Trabada, no prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.

Requisitos: Os establecidos nas bases de convocatoria, publicados no Taboeiro de Anuncios e na sede electrónica do Concello de Trabada ( https://trabada.sedelectronica.gal )

Sistema de selección: Oposición .

Mándao e asínao,

Trabada, 27 de novembro de 2024.- Sr. Alcalde, Rubén García Freije, ante o Sr. Secretario.

R. 3783

## TRIACASTELA

*Anuncio*

Expediente nº: 67/2022

Con data 27 de novembro, ditouse resolución da Alcaldía do seguinte teor literal:

“**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA APROBANDO A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN PARA CINCO PRAZAS DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, PERSONAL LABORAL FIXO.**

De conformidade co disposto nas Bases Xerais que regulan, xunto coas Bases Específicas, o proceso selectivo excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, convocado para o ingreso en cinco prazas de persoal laboral fixo no Concello de Triacastela denominadas Auxiliar de Axuda no Fogar, polo sistema de concurso-oposición, cota xeral, incluída na Oferta de emprego público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Art.2 da Lei 20/2021), e publicadas no BOP nº 281 de 10 de decembro de 2022.

Vista a relación provisional de admitidos e excluídos aprobada por Resolución de Alcaldía de data 12 de novembro 2024, publicada na sede electrónica https://triacastela.sedelectronica.gal, no taboleiro de anuncios e no BOP nº 265 de 16 de novembro de 2024.

Non habendo alegacións presentadas polas/os aspirantes.

Esta Alcaldía, en exercicio das atribucións que lle confire a lexislación vixente en materia de réxime local, pola presente,

**RESOLVE**

**Primeiro.**- Aprobar de forma definitiva a seguinte relación de aspirantes admitidas/os e excluídas/os:

**Lista definitiva de aspirantes admitidos/as:**

| Nº | Apelidos e nome | DNI | Proba de Galego |
|---|---|---|---|
| 1 | Aira Carballo, Yolanda | *******87B | EXENTA |
| 2 | Díaz Carballo, Nélida | *******07L | EXENTA |
| 3 | Díaz García, María Carmen | ******16X | EXENTA |
| 4 | López Arias, María José | ******24K | EXENTA |
| 5 | Nascimento Ferreira, Simone | ******67M | SI |
| 6 | Pombo García, Rosa Mari | ******55X | EXENTA |
| 7 | Rodríguez Gutiérrez, Miguel | ******54D | SI |

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)

| | | | |
|---|---|---|---|
| 8 | Tallón Poy, Susana | ******60Z | EXENTA |

**Lista definitiva de aspirantes excluídas/os e motivos da exclusión:**

| Nº | Apelidos e nome | DNI | Motivo de exclusión |
|---|---|---|---|
| 1 | López Cela, Sandra | ******45L | Non presenta titulación requerida |

**Segundo.**- Nomear á presoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan:

-Presidente: Dª Mª José Espín Fontal, Empregada pública do Concello de Triacastela.

Suplente: Dº Óscar Doral García, Empregado público do Concello de Cervantes.

-Secretaria: Dª Mª Luz Hermida Pernas, Secretaria-Interventora do Concello de Triacastela.

Suplente: Dº Manuel Piñeiro López, Empregado público do Concello de Paradela

-Vogal 1º: Dª Mª Matilde Martínez López, Empregada pública do Concello de Triacastela.

Suplente: Dº José Luís López Moure, Empregado público do Concello de Samos.

-Vogal 2º: Dª M. Concepción Iglesias Piñeiro, Empregada pública do Concello de Triacastela.

Suplente: Dº Eloy López Fernández, Empregado público do Concello de Samos.

-Vogal 3º: Dª Ana Belén Alba González, Empregada pública do Concello de As Nogais.

Suplente:Dº Mario Álvarez Pérez, Empregado público do Concello de Navia de Suarna.

**Terceiro.**- Notificar ás parsoas que forman o Tribunal cualificador para que comparezan o día 16 de decembro, ás 10.30h no Salón de Plenos da Casa do Concello de Triacastela, para a súa constitución, e as persoas aspirantes admitidas o mesmo día ás 11.00h no local da Fonte do Lunar para a realización dos exercicios.

**Cuarto.**- De conformidade co establecido no apartado 6.1 das Bases Xerais reguladoras do proceso de selección, publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na sede electrónica do Concello (https://triacastela.sedelectronica.gal/) e no Taboleiro de anuncios do Concello de Triacastela,

Contra a Resolución que aproba a presente lista de admitidos/as e excluídos/as con carácter definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición diante da Alcaldía, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación no BOP, sen prexuízo de que poda interponer calquera outro que estime procedente."

Triacastela, 27 de novembro de 2024.- A Alcaldesa, M. Olga Iglesias Fontal.

R. 3784

---

# MINISTERIO DE FACENDA

## BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS (BDNS) – DEPUTACIÓN

*Anuncio*

**EXTRACTO DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 22 DE NOVEMBRO DE 2024, POLO QUE SE APROBA A MODIFICACIÓN DAS BASES QUE REXIRÁN A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2024**

BDNS (Identif.): 750090

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/750090)

BDNS (identif): 750090

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da modificación das bases reguladoras cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións.

(http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/index).

Modificar a base 7. Gastos subvencionables, apartado 2) do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024, de forma que:

Onde di:

2. Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dende o 1 de maio de 2024 ao 31 de decembro de 2024).

Debe dicir:

2. Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dende o 1 de maio de 2024 ao 30 de abril de 2025).

Modificar a base 13. Xustificación e aboamento das subvencións

Onde di:

O beneficiario deberá achegar, como data límite o 31 de marzo de 2025, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.

Debe dicir:

O beneficiario deberá achegar, como data límite o 30 de xuño de 2025, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.

Lugo, 28 de novembro de 2024.- O Presidente, P.D. Decreto de data 04-07-2023, O deputado provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 3800

Anuncio publicado en: Num BOP 277 año 2024 (30/11/2024 08:00:00)